

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Aprobación definitiva do Regulamento do transporte metropolitano social do Concello de Mugardos

ANUNCIO

Regulamento do Transporte Metropolitano Social do Concello de Mugardos

O Concello Pleno aprobou inicialmente, en sesión realizada o día 23/12/2014 o Regulamento do Transporte Metropolitano Social do Concello de Mugardos, publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 10 do día 16/01/2015, e ten sido elevado a definitivo ao non terse formulado reclamacións contra o dito acordo no prazo hábil concedido.

Acto seguido e de conformidade co art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á publicación do texto íntegro, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir da data da súa publicación no BOP:

O alcalde

Xosé Fernández Barcia

REGULAMENTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO SOCIAL DO CONCELLO DE MUGARDOS

TÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.-Réximexurídico.

1. As axudas ao transporte público rexeranse polos preceptos básicos establecidos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo; así como polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia; e terán en conta o establecido no Convenio de Colaboración para o Desenvolvemento do Conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol que o Concello de Mugardos ten asinado coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (27.10.2010).

2. Para a concesión das axudas para o transporte público estarase ao disposto na presente base reguladora e as disposicións que se adopten na súa aplicación e desenvolvemento.

Artigo 2.-Obxecto e ámbito de aplicación.

A presente base reguladora ten por obxecto establecer as condicións que rexerán as axudas ao transporte colectivo do Concello de Mugardos, destinadas a promover e facilitar a mobilidade e o desprazamento e a intercomunicación a través dos medios de transporte públicos daqueles colectivos especificados no artigo 3 da presente normativa, tendo validez en todos os medios de transporte público incluídos no Convenio de Colaboración para o Desenvolvemento do Conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol que o Concello de Mugardos ten asinado coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (27.10.2010).

A Área Metropolitana de Ferrol engloba os Concellos de Mugardos, Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Narón, Neda, Pontedeume, Miño e Valdoviño.

TÍTULO II.-PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 3.-Persoas beneficiarias e requisitos.

Poderán ser beneficiarias dunha destas axudas as persoas en situación de risco social ou estudantes sempre e cando cumpran cos requisitos xerais e específicos que se relacionan a continuación.

As axudas dos dous colectivos beneficiarios (estudantes e persoas en situación de risco social ou dificultade socioeconómica) son incompatibles entre sí.

1. Requisitos xerais:

a) Ter fixada a residencia habitual e o empadramento no Concello de Mugardos no momento da solicitude, e acreditar unha antigüidade mínima 6 meses, agás que a prescrición técnica valore a necesidade da axuda sin ter en conta o dito período.

b) Ser titular dunha Tarxeta Metropolitana de Galicia no momento da solicitude da presente axuda.

2. Requisitos específicos:

2.1. Persoas en situación de risco social ou dificultade socioeconómica:

As persoas en situación de risco social que por razóns de risco social ou de precariedade persoal e/ou económica puideran precisar desta axuda, deberán presentar un informe emitido polo persoal técnico municipal dos servizos sociais no que quede acreditada tal circunstancia.

Esta vía de acceso ás axudas do transporte colectivo só se concederán con carácter extraordinario e quedarán supeditadas a que a situación valorada como de risco social sexa susceptible de ser mellorada ou solucionada coa concesión desta axuda.

Para determinar os ingresos a partir dos que proceda o recoñecemento destas axudas teranse en conta a renda per cápita da persoa solicitante, no que se terá en conta a carencia de recursos no ano en curso, e se estará ao disposto polos servizos sociais.

Os requisitos xerais son os que veñen reflectidos no Artigo 6. Requisitos xerais do Regulamento de Prestacións económicas publicado no BOP núm. 203 do 24.10.2013:

1. Ter a maioría de idade ou estar emancipado/a legalmente.
2. Non posuír máis propiedades que a da vivenda que habitan, agás que a valoración dos/as profesionais o fundamenten.
3. Non estar pendente de xustificar documentalmente as prestacións concedidas con anterioridade.
4. Non ser propietario/a de cantidades económicas que se considere que poidan solventar a situación de necesidade manifestada.
5. Terán que solicitar as prestacións as que poidan ter dereito por outra administración pública.
6. Acreditar documentalmente a necesidade da prestación.
7. Estar incluído/a dentro dos límites económicos que establece o Anexo I do regulamento de prestacións económicas. O cómputo de ingresos establécese por unidade familiar ou de convivencia.

2.2. Estudantes de calquera centro público de estudos de:

- Formación profesional e ciclos formativos, Universidade, ensinanzas superiores de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño,
- Educación de adultos/as
- Alumnado con necesidades educativas especiais escolarizados en Centros de Educación especial e talleres ocupacionais de fora de Mugardos.
- Con rendas familiares inferiores ao 80% do IPREM de renda per cápita mensual.

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal inmediatamente anterior. A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor/a ou persoa encargada da garda e protección do/a menor.
- Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

- Os/as fillos/as solteiros/as menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os/s fillos/as dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que sí conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

A base imponible virá determinada pola renda per cápita mensual, entendendo por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar. Para os efectos, teñen a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral coa base imponible do aforro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Excepcionalmente, se a unidade familiar alega unha diminución dun 20% ou máis dos seus ingresos durante máis de catro meses consecutivos anteriores dende a data de solicitude fronte aos ingresos declarados na declaración do exercizo inmediatamente anterior, poderán achegar esta documentación xustificativa da dita circunstancia para que se teña en conta na valoración.

Nos casos de separación ou divorcio estarase ao previsto nestas bases para a determinación dos membros da unidade familiar. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarlles ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

TÍTULO III.–PROCEDEMENTO

Artigo 4.–Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes realizaranse a instancia de parte conforme ao modelo establecido no anexo I que, xunto coa documentación sinalada no artigo 5, deberán ser presentadas no rexistro municipal, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

O prazo para presentar as solicitudes está aberto durante todo o ano.

Artigo 5.–Documentación.

1. Documentación xeral.

- a) Copia cotexada do DNI, NIE ou pasaporte.
- b) Certificado de empadramento e convivencia no que quede debidamente xustificado o tempo de residencia requirido (6 meses).
- c) Copia da Tarxeta Social Metropolitana, que a persoa solicitante deberá adquirir ás súas expensas nos lugares habilitados para elo. Naqueles casos nos que a persoa solicitante acceda por razóns de risco social e/ou dificultade socioeconómica os servizos sociais municipais poderán facilitar a Tarxeta Social Metropolitana sempre e cando quede debidamente acreditada esta necesidade no informe técnico.

2. Documentación específica segundo o colectivo.

a. Persoas en situación de risco social e/ou dificultade socioeconómica.

a) Informe dos servizos sociais comunitarios que acredite as razóns de emerxencia social ou de precariedade persoal e/ou económica. A tal efecto, os servizos sociais municipais requirirán a documentación xustificativa necesaria para a elaboración do informe técnico documentado que xustifique a valoración da súa concesión ou denegación.

b. Estudantes.

a) As solicitudes para a concesión destas axuda formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como anexo I. Poderán obterse nas oficinas de servizos sociais e presentaranse no Rexistro Municipal do Concello de Mugardos.

- b) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentárase a seguinte documentación:
- Fotocopia do DNI do solicitante (ou pai, nai ou titor/a).
 - Fotocopia do libro de familia no que figuren tódolos membros da unidade familiar.
 - Informe de convivencia (expedírase de oficio por parte do Concello).
 - Fotocopia da declaración da renda correspondente ao último exercizo dos proxenitores ou titores/as legais e dos integrantes da unidade familiar maiores de 18 anos. No caso de non estar obrigado/a a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Nos casos de separación ou divorcio estarase ao previsto no apartado 2.2 deste regulamento para a determinación dos membros da unidade familiar.
 - Certificado da matrícula ou informe expedido polo centro educativo que acredite a condición de alumno/a.
 - Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e autorización ao Concello de Mugardos para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso.
 - O concello poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada, e calquera outra necesaria para a valoración da solicitude. As unidades familiares que teñan entregado documentación do departamento de servizos sociais para calquera xestión, que conste no seu expediente e que sexa válida poderán quedar eximidas da presentación desta documentación unha vez sexa revisada polo persoal do departamento.

Artigo 6.–Procedemento para a concesión da axuda.

1. Presentada a solicitude (Anexo I) a instancia de parte, conforme ao establecido no artigo 4 e acompañada da documentación establecida no artigo 5, o persoal municipal comprobará que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos na presente base reguladora e normativa de aplicación.

2. A Comisión de avaliación Segueamento aplicará a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Tal comisión ten a seguinte composición:

- Unha técnica dos servizos sociais comunitarios.
- A interventora municipal ou persoal en quen delegue.
- O secretario ou persoal en quen delegue.
- A/O concelleira/o de Benestar Social e Igualdade.

3. No caso de que a solicitude estivera incompleta e non reunira os requisitos esixidos para a súa tramitación, requírase a persoa solicitante para que, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 10 días, emende os defectos e/ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, entenderase que desiste do seu pedimento, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 de dito texto legal.

4. O persoal municipal do Concello de Mugardos realizará cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados pola persoa solicitante, en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, procederán á avaliación das solicitudes e emitirán a correspondente proposta de resolución segundo os criterios recollidos na presente base.

5. A proposta de concesión ou denegación da Comisión avaliadora será elevada ao órgano competente para a posterior resolución, que deberá axustarse necesariamente ás características establecidas no presente regulamento, e deberá conter como mínimo os datos de identificación da persoa solicitante, proposta razoada de cumprimento ou non cumprimento das condicións esixidas no presente regulamento e a contía e intensidade da axuda a conceder segundo o establecido na presente norma.

6. As solicitudes serán valoradas por rigoroso orde de rexistro de entrada municipal, excepto nos casos que respondan a situacións de emerxencia social, que serán valoradas atendendo á urxencia do caso e causarán alta de xeito inmediato previo informe favorable dos servizos sociais municipais.

7. A concesión das axudas de todo tipo reguladas nesta ordenanza estará condicionada en todo caso á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente.

Co fin de posibilitar o correspondente control, o persoal municipal manterá permanentemente actualizada a relación das persoas usuarias do servizo, con indicación das axudas recoñecidas, o importe total das mesmas, e o seu impacto sobre o orzamento do exercicio en curso.

En cada informe que se formule en orde á concesión dunha nova axuda, deberá facerse mención expresa ao cumprimento deste límite, por existir crédito adecuado e suficiente no orzamento do ano en curso, para a concesión da correspondente axuda.

Artigo 7.-Resolución e notificación.

1. Correspóndelle ao alcalde do Concello de Mugardos a resolución da concesión destas axudas.
2. A resolución adoptada, debidamente motivada, será notificada ás persoas interesadas no domicilio que figure no expediente a efectos de notificacións, conforme ao establecido no artigo 58 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. A resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrida potestativamente en reposición no prazo dun mes, conforme ao establecido no artigo 116 e seguintes da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Artigo 8.-Procedemento para a tramitación da baixa.

1. Nos supostos reflectidos no artigo 13 da presente base reguladora, o Concello de Mugardos procederá á baixa da axuda.
A resolución da baixa conterá os datos de identificación da persoa e as causas razoadas de dita baixa.
2. A proposta de baixa daquelas solicitudes que respondan a situacións de emerxencia social realizaranse previo informe social emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais.

TÍTULO IV.-CARACTERÍSTICAS DAS AXUDAS

Artigo 9.-Tipoloxía da axuda.

1. As axudas ás que fai referencia o presente regulamento consistirán na xestión municipal das Tarxetas Metropolitanas Sociais de Galicia (TMSG) da Área Metropolitana de Ferrol, á que pertence o Concello de Mugardos.
2. As TMSG son de aplicación en todos os medios de transporte públicos incluídos no Convenio de Colaboración para o Desenvolvemento Conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, que o Concello de Mugardos ten asinado coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, sendo as axudas reguladas neste prego de aplicación exclusiva naquelas viaxes que teñan como orixe ou destino o Concello de Mugardos.

Artigo 10.-Importe da axuda.

1. A contía das axudas fíxase tomando como referencia os prezos da viaxe con tarxeta TMG establecidos para os desprazamentos dentro das Áreas de Transporte Metropolitano. En cada momento serán aplicados no eido do Plan de Transporte Metropolitano as tarifas usuario que sexan aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (coa comunicación á comisión de seguimento de cada unha das ATM en vigor). Estas tarifas aparecen publicadas na páxina web do transporte metropolitano: <http://tmg.cmati.xunta.es/politica-tarifaria-introduccion>.
2. As contías das axudas son as seguintes:
 - Persoas en situación de risco social e/ou dificultade socioeconómica: 100% do importe da viaxe, máximo de 10 viaxes mensuais
 - Estudantes: 25% importe da viaxe, máximo 41 viaxes mensuais.

De forma excepcional, previa xustificación da necesidade e informe favorable, poderase incrementar o número de viaxes subvencionadas. Desta circunstancia debe advertirse por escrito á Dirección Xeral de Mobilidade para que faga os cambios oportunos nos perfís subvencionables, cunha antelación mínima de 15 días. Calquera cambio na configuración dos perfís de desconto que se reciba antes do día 15 de cada mes, aplicarase xa no cálculo realizado nese mes. En caso contrario, aplícase no mes seguinte.

3. As axudas reguladas son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que non supere o importe do gasto.

Artigo 11.-Aboamento das axudas.

O aboamento das axudas concedidas farase efectiva a través da Tarxeta Metropolitana Social no momento de efectuar a súa recarga por parte do titular, mediante a compensación do 25% do importe das viaxes realizadas no mes anterior, cun límite de 41 viaxes.

Na modalidade de axudas por situacións de emerxencia social, estas aboaranse segundo o mesmo procedemento, tendo en conta a resolución recaída mediante a compensación do 100% do importe das viaxes realizadas no mes anterior, cun límite de 10 viaxes.

Artigo 12.-Duración das axudas.

1. Con carácter xeral, estas axudas terán unha vixencia anual, en tanto se manteñan as condicións que determinaron a súa concesión, sendo revisadas a instancia de parte e debendo a persoa beneficiaria achegar en cada momento a documentación xustificativa que lle sexa requirida polo persoal municipal.

2. As axudas de transporte terán a vixencia do período lectivo do curso escolar, polo que non se subvencionarán as viaxes do mes de agosto.

3. Con carácter extraordinario, as axudas concedidas por situacións de dificultade socioeconómica terán a vixencia que técnicamente sexa informada polas técnicas municipais, expresada na corresponde proposta de concesión. A periodicidade fixada poderá interromperse no momento en que, previo informe social, así o consideren os/as técnicos/as de servizos sociais.

Artigo 13.-Causas de baixa.

As axudas ao transporte colectivo poderán causar baixa polos seguintes motivos:

- a) Renuncia expresa da persoa beneficiaria, indicando a data prevista da baixa.
- b) Traslado de residencia ou baixa no padrón municipal de habitantes.
- c) Falecemento.
- d) Desaparición ou modificación substancial das circunstancias ou requisitos que motivaron a alta.
- e) Non renovación da documentación acreditativa da permanencia das circunstancias que motivaron a súa concesión, unha vez transcorridos os 12 meses dende a data de concesión.
- f) Non colaborar no seguimento e avaliación da axuda.
- g) Non comunicar de inmediato ao Concello de Mugardos calquera variación na situación persoal que puidera supoñer o incumprimento das condicións que determinaron a concesión da axuda.
- h) Mal uso ou custodia da TMSG en canto que é un documento persoal e intransferible.
- i) Negativa de identificarse como titular a través do documento de identificación fehaciente, a demanda do/a condutor/a do autobús, inspector/a da compañía de transporte ou persoal do Concello de Mugardos debidamente acreditado.
- j) Non comunicación ao Concello da perda ou roubo da TMSG, que puidera significar a súa fraudulenta utilización por parte doutras persoas, co fin de proceder á súa anulación ou substitución.
- k) Cese na prestación das axudas ao transporte público por parte do Concello de Mugardos.

Artigo 14.-Uso da tarxeta.

A tarxeta é persoal e intransferible, responsabilizándose o seu titular do correcto uso da mesma.

A persoa titular da tarxeta deberá identificarse sempre que lle sexa requirido polo/a condutor/a do autobús, persoal de inspección da compañía de transporte ou persoal do concello debidamente acreditados.

Artigo 15.-Incompatibilidades.

Non poderá ser beneficiaria da Tarxeta Metropolitana Social do Concello de Mugardos aquelas persoas que sexan beneficiarias desta mesma tarxeta por outro dos concellos pertencentes á Área Metropolitana de Ferrol.

As persoas solicitantes só poderán ser beneficiarios dun tipo de axuda establecida no presente regulamento (estudantes ou persoas en risco social ou dificultade socioeconómica).

TÍTULO V.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 16.-Infraccións e réxime sancionador.

1. Terán a consideración de infraccións moi graves e, consecuentemente merecentes de sanción reflectidas, as seguintes actuacións:

a) A utilización da tarxeta por persoa distinta do seu titular, co seu consentimento ou sen que medie comunicación ao Concello por parte do seu titular do roubo ou perda.

b) A falsificación ou manipulación da documentación achegada no momento da súa solicitude ou renovación.

c) O comportamento manifestamente inadecuado nos medios de transporte público (actos violentos, groseiros, sexistas, machistas, xenófobos, racistas,...) que sexan denunciados polo persoal dos medios de transporte ou outros pasaxeiros/as no concello, que procederá a apertura das correspondente dilixencias informativas.

d) A negativa a amosar a identificación ao condutor/a, servizo de inspección da empresa de transporte ou persoal acreditado do Concello de Mugardos, cando esta lle fora requirida.

2. As infraccións recollidas no apartado anterior implicarán a perda do dereito á participación nestas axudas durante un período de doce meses, e a reiteración nestas suporá a perda definitiva do dereito.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte de ser publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Anexo I: SOLICITUDE DE TRANSPORTE METROPOLITANO		
Núm. Expte:	Núm. tarxeta:	
TIPO DE SOLICITUDE:		
<input type="checkbox"/> Estudiante	<input type="checkbox"/> Situación socioeconómica	
<input type="checkbox"/> Valoración inicial	<input type="checkbox"/> Modificación de datos	
<input type="checkbox"/> Renovación	<input type="checkbox"/> Extravío/Perda	
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE		
Nome e apelidos		DNI/NIE/Núm. pasaporte
Enderezo		Concello e CP
Teléfono fixo	Teléfono móbil	E-mail
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL		
Nome e apelidos		DNI/NIF
A persoa solicitante DECLARA que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos, que non se omiten datos, que coñece as posibles responsabilidades existentes nos supostos de ocultación, falseamento de datos ou de calquera outra actuación fraudulenta. No caso de non chegar os datos esixidos na normativa municipal, non se poderá tramitar a solicitude. COMPROMÉTOME a comunicar por escrito calquera modificación que se produza respecto aos datos achegados. AUTORIZO ao Concello de Mugardos a solicitar a información adicional que considere necesaria para completar o expediente administrativo.		
Os datos facilitados por vostede neste formulario pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Concello de Mugardos, e poderán ser utilizados polo titular do ficheiro para o exercicio das funcións propias no ámbito das súas competencias. Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal. Vostede poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou oposición mediante instancia presentada ante o rexistro xeral de entrada do Concello de Mugardos.		
DOCUMENTACION QUE ENTREGA:		
<input type="checkbox"/> Copia cotexada do DNI, NIE ou pasaporte.		
<input type="checkbox"/> Certificado de empadramento no que quede debidamente xustificado o tempo de residencia requirido, tanto do concello no que resida como dos concellos da Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, de ser caso.		
<input type="checkbox"/> Copia da Tarxeta Metropolitana de Galicia, que a persoa solicitante deberá adquirir ás súas expensas nos lugares habilitados para ela. Naqueles casos en que a persoa solicitante acceda por razóns de situación socioeconómica, os servizos sociais municipais poderán facilitar a Tarxeta Metropolitana de Galicia, sempre e cando quede debidamente acreditado no informe técnico esta necesidade.		
<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/>		

Mugardos, de de 20 ____

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE:

Sr. alcalde-presidente do Concello de Mugardos

2015/2319